4. E, o que resulta máis perigoso, se o informe deste órgano ambiental autonómico non fose emitido no prazo de tres meses, a lei remite ao artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 30 de novembro, que indica que, no caso de non ser emitido este informe en prazo, poderán ser continuadas as actuacións e, sendo emitido fóra de prazo, xa poderá non ser considerado.

A primeira concesión a ENCE é do ano 1959. Con esta nova lei, ENCE poderá permanecer en Lourizán ata o ano 2093: 134 anos.

A maior abundancia, dende maio teñen ocorrido novas circunstancias:

1) Unha sentenza da Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Supremo, de data 11 de xullo de 2014, que acordou, entre outras cousas, que o Goberno do Rajoy inicie un expediente de caducidade da concesión a ENCE.

2) Unha resposta dada en setembro a este grupo parlamentario derivada dunha pregunta e pola que o Goberno da Xunta de Galicia respondía que non se tiña por feita a solicitude porque do Estado non se recibira a documentación precisa e porque era necesario desenvolver o regulamento da lei. Segundo a Xunta de Galicia, o ministerio emitía oficio en febreiro dicindo que esperaba entón ao desenvolvemento.

3) A publicación do regulamento de desenvolvemento da lei o día 11 deste mes e que regula a prórroga das concesións no capítulo VII do título III e desminte o que o Goberno nos respondía en setembro:

   1º Que o prazo da prórroga se computará dende a data da súa solicitude.

   2º Que as prórrogas solicitadas se concederán sempre que non existan causas de caducidade do título vixente.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:44
Nº Rexistro: 28680
Data envio: 14/10/2014 16:44:24.438

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego cumprir a transacción acordada por unanimidade no Parlamento de Galicia, na anterior lexislatura, coa fin de retomar as conversas con ENCE e cumprir os acordos ao que entón se chegara?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2014 16:26:03

Raúl Fernández Fernández na data 14/10/2014 16:26:09

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/10/2014 16:26:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2014 12:41
Nº Rexistro: 29011
Data envio: 16/10/2014 12:41:47.278

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e **Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada porque nestes momentos estase a levar a cabo o levantamento de actas previas de ocupación, coordinadas pola Consellería de Economía e Industria, sen que se barallen trazados alternativos.

O proxecto de construción da liña de alta tensión entre a localidade de O Irixo e o Concello de Lalín destruirá a Fraga de Casas Vellas en Catasós (Lalín) de non modificarse o trazado proposto.

Dita fraga está situada cerca do entorno natural protexido da Fraga de Catasós, e ben podería se considerado unha continuación do mesmo.

De acometerse o trazado proposto neste momento, desaparecerían especies centenarias de distintas variedades, entre elas mais de 200 castiñeiros.

No ano 2012 cando se presentou o proxecto numerosos veciños e veciñas xa fixeron alegacións ó proxecto neste sentido, e tamén interpuxeron un recurso de reposición diante da Consellería de Economía e Industria do que aínda non obtiveron resposta.

Cando no ano 2007se presentaba este proxecto, se partía dun orzamento de 10 millóns de uros, cando se retoma no 2013 o presuposto redúcese a metade do anunciado, 5 millóns de euros (tres millóns a execución e os dous restantes a tramitacións, permisos, expropiacións e redacción do proxecto).

Nestes momentos se está levando a cabo o levantamento de actas previas de ocupación, coordinadas pola Xefatura Territorial da Consellería de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2014 12:41
Nº Rexistro: 29011
Data envio: 16/10/2014 12:41:47.278

Economía e Industria de Pontevedra, sen que ata o momento se barallen outros trazados alternativos.

Ante isto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non quere acometer outros trazados alternativos que evitarían que esta liña afectase e destruíse a Fraga de Casas Vellas en Catasós (Lalín)?

2. A redución á metade do orzamento co que inicialmente se partía é o motivo de non estudar outras alternativas?

3. Ten a Xunta de Galicia estudado canto suporía de incremento no custo da obra o soterramento na liña baixo o tramo da N-525 tal como veciños e colectivos propoñen?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2014

Asdo.: Pablo García García
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 16/10/2014 12:38:34

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2014 12:38:38

José Manuel Gallego Lomba na data 16/10/2014 12:38:45

Beatriz Sestayo Doce na data 16/10/2014 12:38:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28413
Data envio: 09/10/2014 18:32:17.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao cronograma para realizar as obras de ampliación do Hospital do Salnés.

A ampliación do Hospital do Salnés, tan necesaria e tan demandada tanto pol@s usuari@s como polo persoal sanitario é un claro exemplo da forma de actuar do Partido Popular na Xunta de Galiza, onde a prioridade é a política de propaganda.

O Goberno galego leva seis anos de mentiras e enganos aos veciños e veciñas da comarca do Salnés e @s profesionais, estivo a xogar coa ampliación, coas datas de licitación e agora coas datas de execución.

Unha ampliación que ía realizarse en 2009, e a pouco de rematar 2014 sigue sendo unha incógnita a data na que esta ampliación será unha realidade. O 3 de xullo de 2014, o Consello da Xunta tomaba o acordo polo que se autorizaba a contratación das obras de ampliación do Hospital Comarcal do Salnés, e máis de 3 meses despois as obras aínda non comezaron.

De tod@s é sabido que o 80% dos recursos do investimento de ampliación do Hospital do Salnés proveñen dunha solicitude de Fondos Europeos que teñen como data tope para a realización da obra o ano 2015. Si resulta difícil de entender que a Xunta de Galiza anunciara un prazo de execución de 27 meses, co cal no mellor dos escenarios de que comecen as obras este mes de outubro e non se produza ningunha demora, o remate sería en xaneiro de 2017, é dicir, moito despois do prazo que establecen para a xustificación os Fondos Europeos, aínda é máis que na intervención do Presidente da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28413
Data envio: 09/10/2014 18:32:17.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta do Debate do Estado da Nación realizada o pasado martes 7 de outubro, dixera que a ampliación do Hospital do Salnés rematará en 2016.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal é o auténtico cronograma da execución das obras de ampliación do Hospital do Salnés?

-Que garantías hai de que estean rematadas en prazo para garantir a dispoñibilidade dos Fondos Europeos que financian o 80% destas obras de ampliación e que teñen como data máxima de execución 2015?

-Si as obras non se executan no prazo máximo establecido polos fondos europeos, garante a Xunta que o proxecto vai a realizarse na súa integridade?

-Que reorganización está prevista para que a realización das obras permita continuar con normalidade a actividade nos servizos afectados?

-Tívose en conta ao persoal para a planificación desta reorganización?, foi consultado e informado? Si é así de que xeito e en que datas?

-Que medidas están previstas para minimizar as molestias que as obras poidan causarlle @s doentes e a calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28413
Data envio: 09/10/2014 18:32:17.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2014 18:32:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28421
Data envío: 10/10/2014 10:36:55.251

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Luis Méndez Romeu, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O escenario económico no que se move Galicia e o conxunto de España, mais alá das declaracións triunfalistas do Goberno, dista moito de resultar positivo para a maior parte da poboación. A creación de emprego é escasa e de moi baixa calidade, temporalidade, axustes salariais moi fortes etc. o que reduce de maneira importante a capacidade de consumo interno.

Se a esta situación interior, engadimos os novos riscos socio - políticos que están a aparecer no panorama internacional, Ucraína, Iraq, Siria, Libia, Palestina, Israel etc. que sen dúbida van a ralentizar o crecemento económico e polo tanto as posibilidades de expansión dos mercados exteriores; a situación tórnase cada vez mais complicada.

Para contextualizar hoxe a situación actual da industria galega, é necesario remontarse uns anos atrás e analizar primeiro o impacto que ten suposto sobre ela a crise económica y financeira. A pesar dos discursos triunfalistas so presidente Feijoo e dos seus conselleiros de Economía e Industria, a actividade industrial galega, tanto medida polo Valor Engadido Bruto do sector (VAB), como polo Índice de Produción Industrial (IPI), ten seguido un ciclo similar ao da actividade económica xeral, si ben con oscilacións moi intensas, sobre todo nas etapas contractivas como a iniciada a mediados de 2011.

Máis alá da perda de emprego que ten sido brutal, máis dun 27 % (máis de un de cada catro ocupados) nos cinco anos dos gobernos Feijoo, os últimos datos mostran unha nova caída no sector industrial, que se ten intensificado nos derradeiros meses.

A produción industrial galega tivo o peor comportamento de España do Índice de Produción Industrial interanual entre agosto de 2013 e agosto de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28421
Data envío: 10/10/2014 10:36:55.251

2014, caendo un 8,3 %, co que encadea o seu quinto descenso consecutivo e convértese na comunidade cos peores datos do mes.

Todos os axentes económicos implicados, sectores industrias, sindicatos e os partidos da oposición, continuamos reclamando que o goberno galego concrete axudas económicas á industria. Lamentablemente o Goberno galego mostra unha absoluta incapacidade para articular propostas coherentes, sistemáticas e globais que axuden ao sector industrial galego a saír da crise e crear emprego de calidade.

E segue escudándose en xeneralidades, como a resposta dada a este grupo, en múltiples iniciativas presentadas interesándonos por peches de empresas que supoñen un elevado custe económico, laboral e social nos seus territorios.

Como exemplo, en febreiro deste ano, o Goberno galego respondeu a este grupo parlamentario sobre as xestións que estaba a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade dunha determinada fábrica, sinalando que:

"O esforzo mancomunado dos traballadores, da Xunta, do Concello da Coruña, e do Ministerio de Defensa para establecer unha folla de ruta e achegar solucións de futuro para a actividade de Santa Bárbara e para a continuidade dos postos de traballo.

A folla de ruta pasa pola finalización do plan de retrocesión das instalacións ao Ministerio de Defensa e o concurso público, no que poderán participar as empresas interesadas en desenvolver un proxecto industrial na Fábrica de Armas.

A Xunta de Galicia valora moi positivamente a sensibilidade amosada polo Ministerio de Defensa para manter no futuro o uso que as instalacións tiveron ata agora, que os terreos se poidan seguir destinando a unha actividade industrial xeradora de emprego na cidade da Coruña.

O Goberno de Galicia valora tamén o compromiso asumido polo Goberno do Estado para axilizar os prazos e para que o concurso anunciado por Defensa se convoque e remate no menor tempo posible".

A realidade, lamentablemente imponse, e na maioría dos casos a recuperación deste tecido empresarial acaba dilatándose no tempo cuns

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28421
Data envio: 10/10/2014 10:36:55.251

custes económico e sociais que a sociedades galega non poderá soportar moito máis tempo.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten conciencia o Goberno galego do dramático proceso desindustrializador que está sufrindo Galicia?

2. Ante esta caída da actividade e a perda de emprego industrial que está a padecer Galicia, ten o Goberno da Xunta algunha estratexia definida para articular propostas coherentes, sistemáticas e globais que axuden ao sector industrial galego a saír da crise e crear emprego de calidade?

3. Considera o Goberno que a estratexia económica de adxudicar instalacións industriais en desuso a empresas creadas "ad hoc", con fontes de financiamento sen definir é a acertada?

4. Nun momento de dificultades de financiamento como o actual, considera o Goberno galego que está política traslada confianza aos distintos axentes económicos?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Luis Méndez Romeu
José Manuel Gallego Lomba
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/10/2014 10:27:45

José Luís Méndez Romeu na data 10/10/2014 10:27:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28421
Data envio: 10/10/2014 10:36:55.251

Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 10/10/2014 10:27:58

Beatriz Sestayo Doce na data 10/10/2014 10:28:04

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:00
Nº Rexistro: 28429
Data envío: 10/10/2014 12:00:13.713

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, Raúl Fernández Fernández, José Ramón Val Alonso e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A cortadera -tamén chamada herba da pampa- chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e, así, foise expandindo por toda Galicia.

Esta **especie exótica procedente da Arxentina é invasora**, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas se incrustan na terra de maneira moi profunda. A maiores, supón unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade.

Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida. Din que cortar os plumeiros que ten a planta supón tan so un parche, porque volven saír e, en todo caso, se debe facer entre finais de agosto e principios de setembro, antes de que se formen as sementes.

Aos expertos preocúpalles especialmente a súa capacidade para cambiar de hábitat: aínda que comezou a xerminar en chans empobrecidos, está empezando a entrar en zonas máis delicadas, como pastizais ou marismas, incluso nos bosques novos, onde aumenta o risco de incendio pola acumulación de follas e penachos; a maiores, como outras gramíneas, pode provocar alerxias.

A súa erradicación esixe un importante desembolso, de entre 2 e 10 euros por planta. O método máis utilizado, con herbicidas, costa uns 4.200 euros por hectárea, segundo a experiencia realizada en Asturias. E fan falla dúas aplicacións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:00
Nº Rexistro: 28429
Data envío: 10/10/2014 12:00:13.713

Paga a pena afrontar o gasto? É unha ameaza para as especies silvestres. É unha planta agresiva que ocupa o espazo que corresponde a outras. Supón unha gran perda para a biodiversidade e para a paisaxe, que tende a homoxeneizarse. Paga a pena afrontar o gasto para o Goberno da Xunta de Galicia?

No ano 2010, a Comisión 7ª acordaba por unanimidade:

1º Prohibir o seu uso.
2º Deseñar un plan de erradicación e control.
3º Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a deseñar un plan de eliminación das medianas das autoestradas de Galicia.

Novamente, en 2013, a Comisión 2ª acordaba, de novo por unanimidade, instar ao Goberno a:

1º Prohibir o seu uso como planta ornamental.
2º Iniciar, de inmediato, un plan de erradicación e control dela en toda a Comunidade Autónoma.

Pois ben, a anos despois, so con pasearse polas estradas de Galicia -fundamentalmente polas autoestradas-, podemos comprobar que nada se ten feito.

O Goberno segue a non facer nada e a ningunear a este Parlamento, incluído ao seu propio grupo parlamentario.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É prioritario para o Goberno da Xuntan de Galicia afrontar o gasto de erradicación da cortadera -tamén chamada herba da pampa-?
2. Que cantidades se teñen empregado na súa erradicación dende 2009?
3. En que lugares?
4. Ten o Goberno a intención de prohibir o uso como planta ornamental da cortadera?
5. Vai o Goberno da Xunta de Galicia iniciar, de inmediato, un plan de erradicación e control da mesma en toda a Comunidade Autónoma?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:00
Nº Rexistro: 28429
Data envío: 10/10/2014 12:00:13.713

6. Cando vai instar a Xunta ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a deseñar un plan de eliminación das medianas das autoestradas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2014 11:47:16

Pablo García García na data 10/10/2014 11:47:23

Raúl Fernández Fernández na data 10/10/2014 11:47:29

José Ramón Val Alonso na data 10/10/2014 11:47:34

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/10/2014 11:47:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:01
Nº Rexistro: 28433
Data envío: 10/10/2014 12:01:31.610

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Pablo García García, Raúl Fernández Fernández, Juan Carlos González Santín e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nestes últimos días, tense producido a divulgación dun par de vídeos de cazadores galegos en batidas autorizadas e implicados en, digamos, "malas prácticas".

Tal é o caso do asañamento de varios cazadores cando tentan rematar a un xabaril nun Tecor de A Fonsagrada (Lugo) -que xa chegou ao xulgado competente- e do disparo dun cazador con alto risco para un dos seus compañeiros, que se lanza a un lado para evitar a outro xabaril e ao propio disparo, na zona de Soutelo de Montes (Pontevedra).

O primeiro asunto semella un suposto claro de maltrato animal e o segundo de grave imprudencia. Sobre todo porque, sempre segundo noticias periodísticas, no segundo dos asuntos parece que se está a falar dunha persoa cun cargo de responsabilidade en materia de caza.

A maiores, sorprende que os dous episodios fosen gravados polos propios cazadores, como para gabarse, e que os participantes das citadas cacerías nin os responsables do coto non teñan xustificado que fosen realizadas en época hábil nin en terreo cinexético.

Fontes periodísticas din tamén que o Seprona comezou as denuncias, remitíndoas, xunto coas imaxes dos vídeos, á Consellería de Medio Rural e do Mar. Máis os responsables do Goberno da Xunta de Galicia gardan silencio.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:01
Nº Rexistro: 28433
Data envío: 10/10/2014 12:01:31.610

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o vídeo de cazadores galegos asañándose cando tentan rematar a un xabaril nun Tecor de A Fonsagrada (Lugo) constitúe un caso de "malas prácticas" na caza?
2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o vídeo do disparo dun cazador con alto risco para un dos seus compañeiros, que se lanza a un lado para evitar a outro xabaril e ao propio disparo na zona de Soutelo de Montes (Pontevedra), constitúe un caso de "malas prácticas" na caza?
3. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que, neste segundo asunto, parece que se está a falar dunha persoa cun cargo de responsabilidade en materia de caza?
4. Tiñan xustificado os participantes de ambas cacerías ou os responsables dos cotos que fosen realizadas en época hábil e en terreo cinexético?
5. Existen expedientes disciplinarios abertos pola Consellería de Medio Rural e do Mar en ambos casos?
6. Cal é o estado dos dous expedientes?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
Juan Carlos González Santín
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2014 11:53:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:01
Nº Rexistro: 28433
Data envio: 10/10/2014 12:01:31.610

Grupo Parlamentario

María Carmen Gallego Calvar na data 10/10/2014 11:53:40

Pablo García García na data 10/10/2014 11:53:42

Raúl Fernández Fernández na data 10/10/2014 11:53:47

Juán Carlos González Santín na data 10/10/2014 11:53:53

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/10/2014 11:54:00

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:03
Nº Rexistro: 28438
Data envio: 10/10/2014 12:03:32.721

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e **Juan Carlos González Santín,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

A noticia de que altos directivos de Caja Madrid, e posteriormente Bankia, dispuxeron durante anos de tarxetas de crédito opacas ao fisco, e aparentemente fora de todo control, ten causando un forte impacto na sociedade española e galega, especialmente en momentos como os actuais, en que o desemprego e a pobreza agroman con forza nun segmento moi importante da poboación.

Ante estas noticias, o Grupo Parlamentario Socialista quere aclarar si nas entidades Caixa Galicia, Caixanova e, posteriormente, a entidade fusionada, NovaCaixaGalicia, se dispuxo de tarxetas de crédito para os membros dos órganos de goberno e equipos directivos.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Investigou a Consellería de Facenda sobre a existencia de tarxetas opacas ao fisco dos membros dos consellos de dirección das antigas caixas de aforros ou da nova caixa fusionada?
2. Tiña información a Consellería de Facenda sobre la existencia destas tarxetas?
3. Tiña información a Axencia Tributaria de Galicia sobre a posible fraude fiscal polo uso de tarxetas de crédito fiscalmente opacas das antigas caixas de aforro?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Juan Carlos González Santín
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:03
Nº Rexistro: 28438
Data envio: 10/10/2014 12:03:32.721

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/10/2014 11:57:53

Juán Carlos González Santín na data 10/10/2014 11:57:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:58
Nº Rexistro: 28468
Data envío: 10/10/2014 12:58:45.478

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas dos concellos de Galicia, tendo as asociacións que se constitúan con esta finalidade a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, erixíndose nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

As asociacións de veciños estanse a converter nun elemento esencial na relación entre as administracións públicas e a cidadanía. A labor que estas asociacións están a a desenvolver facilita a interlocución fluída e produtiva entre administración e administrados, colaborando de xeito decidido en alcanzar un maior grao de participación da cidadanía naquelas decisións que afectan directamente os seus intereses, e en consecuencia, impulsando as dinámicas de democracia participativa.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten amosado interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:58
Nº Rexistro: 28468
Data envío: 10/10/2014 12:58:45.478

grupo parlamentario de Galicia

social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia, entendendo que o eido local é o mais acaído para o fomento desta participación, pola súa proximidade á cidadanía e pola natureza das decisión que nel se adoptan.

Por todo o anteriormente exposto, preguntamos:

Cales son as medidas que esta a desenvolver a Xunta de Galicia para favorecer o desenvolvemento do asociacionismo veciñal en Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 10/10/2014 12:49:42

Agustín Baamonde Díaz na data 10/10/2014 12:49:57

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/10/2014 12:50:01

María Carmen Pardo López na data 10/10/2014 12:50:08

Hipólito Fariñas Sobrino na data 10/10/2014 12:50:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/10/2014 12:50:34

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/10/2014 12:50:54

Jacobo Moreira Ferro na data 10/10/2014 12:50:59

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28469
Data envío: 10/10/2014 12:59:00.181

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Nos últimos anos, o conxunto da administracións do Estado veñen impulsando e fomentando a colaboración entre as distintas entidades locais que conforman o mapa municipal español. A necesidade de acadar unha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos, propiciada pola acusada crise financeira que sufriu o noso pais, e que levou a unha importantísima minoración dos ingresos das administración públicas, acelerou a implantación dos procesos de colaboración entre administracións, e, de xeito moi especial, no ámbito da administración local.

Galicia non só non permaneceu allea a estes procesos, senón que foi unha das Comunidades Autónomas que máis decididamente apostaron polos mesmos. Froito dese compromiso coa eficiencia completouse a única fusión municipal que se levou a cabo no territorio nacional nos derradeiros corenta anos. Oza–Cesuras converteuse así nun fito histórico no eido do municipalismo español, ademais dun exemplo dos procesos de colaboración entre concellos, que neste caso concreto alcanzou a súa máxima expresión a través da conformación dunha nova entidade local, e das vantaxes que dos mesmos se derivan para os cidadáns.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28469
Data envío: 10/10/2014 12:59:00.181

grupo parlamentario de Galicia

Son múltiples as declaracións realizadas polos responsables políticos da Xunta de Galicia confirmando as intención do Goberno galego de facilitar e impulsar as distintas posibilidades e fórmula de colaboración intermunicipal, máis aló do decidido apoio ás fusións municipais voluntarias.

Por todo o anteriormente exposto, preguntamos:

Cales son as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para fomentar no noso territorio a colaboración entre entidades locais?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 10/10/2014 12:51:21

Agustín Baamonde Díaz na data 10/10/2014 12:51:35

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/10/2014 12:51:41

María Carmen Pardo López na data 10/10/2014 12:51:49

Hipólito Fariñas Sobrino na data 10/10/2014 12:52:00

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/10/2014 12:52:16

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/10/2014 12:52:48

Jacobo Moreira Ferro na data 10/10/2014 12:52:53

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28470
Data envío: 10/10/2014 12:59:17.306

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O proceso de implantación das novas tecnoloxías nos distritos ámbitos da administración publica, posibilita que esta desenvolva as súas funcións de maneira eficiente.

Dende a Xunta de Galicia véñense desenvolvendo progresivamente distintos programas para adecuar a súa metodoloxía de traballo as posibilidades derivadas dos avances tecnolóxicos, especialmente no ámbito das denominadas Tic´s. Sen embargo, parece que a aposta do Goberno galego esténdese máis aló da administración autonómica, adquirindo o compromiso de impulsar e desenvolver a implantación das novas ferramentas tecnolóxicas nos concellos galegos.

A administración local, polo súa característica de especial proximidade co cidadán, constitúese como un referente básico das relacións entre administración e administrado, resultando imprescindible para o correcto desenvolvemento desta relación, que se lle dote de elementos tecnolóxicos que na actualidade forman parte da realidade cotiá do conxunto da cidadanía. Ademais destas ferramentas de comunicación, tamén resulta imprescindible dotar á administración local de todos aqueles avances tecnolóxicos que permitan unha mellor organización dos seus sistemas de traballo,

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28470
Data envio: 10/10/2014 12:59:17.306

grupo parlamentario de Galicia

así como un uso máis eficiente dos seus recursos humanos e materiais, en aras a mellorar a prestación de servizos públicos

Por todo o anteriormente exposto, preguntamos:

Cales sos as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar a implantación das novas tecnoloxías no ámbito da administración local?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28470
Data envío: 10/10/2014 12:59:17.306

grupo parlamentario de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 10/10/2014 12:53:22

Agustín Baamonde Díaz na data 10/10/2014 12:53:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/10/2014 12:53:38

María Carmen Pardo López na data 10/10/2014 12:53:42

Hipólito Fariñas Sobrino na data 10/10/2014 12:54:01

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/10/2014 12:54:24

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/10/2014 12:54:40

Jacobo Moreira Ferro na data 10/10/2014 12:54:52

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 13:47
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 10/10/2014 13:47:24.916

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos González Santín, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Dende o inicio da crise dende o ano 2007, e Galicia ao igual ca no resto do Estado, veuse producindo un descenso continuado no prezo e na valoración das vivendas que se pode estimar no referido ás vivendas de nova construción nun descenso de aproximadamente un 25 %, e nas vivendas xa construídas de aproximadamente un 21 %.

Sorprendentemente, e a pesar do anterior no mesmo período de tempo os valores catastrais incrementáronse aproximadamente na mesma proporción, é dicir, entre un 21 e un 25 % pasando a valoración catastral media de 29.000 euros no ano 2007 a 37.000 no ano 2014.

No referente ás taxacións de inmobles realizadas pola Xunta de Galicia e a aplicación da Orde do 26 de agosto 2013 e anteriormente da Orde do 27 de decembro de 2012 e desenvolvidas pola Orde do 27 de decembro de 2013, que contempla un axuste á baixa nas valoracións dos inmobles do 2 %, cifra que nada ten que ver coa caída real do valor dos inmobles producida nestes anos.

A consecuencia do anterior véñense producindo desfases nalgúns casos realmente escandalosos entre as taxacións efectuadas pola Xunta de Galicia e o valor real do mercado, acadando en determinados inmobles diferenciais de ata 50.000 euros por inmoble, tal e como se recolle en diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que vén fallando nos últimos meses contra as taxacións da Xunta de Galicia estimando nestas sentenzas que a Xunta aplica valoracións entre o 25 e o 40 % superiores ao valor real.

Por todo o anterior formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 13:47
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 10/10/2014 13:47:24.916

Grupo Parlamentario

Ten previsto o Goberno galego revisar a fondo as valoracións dos inmobles para que en ningún caso a taxación a efectos tributarios da Xunta de Galicia supere o valor real de mercado?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2014

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/10/2014 13:32:43

José Luís Méndez Romeu na data 10/10/2014 13:32:54

Juán Carlos González Santín na data 10/10/2014 13:33:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28491
Data envío: 10/10/2014 14:12:39.041

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Vicente Docasar Docasar, Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, María Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Hai uns meses, o grupo parlamentario socialista rexistrou no Parlamento de Galicia unha iniciativa para pedir explicacións sobre o estado de abandono no que se atopaba o CEIP " Antonio Magariños " de Cambados.

Pasaron os meses, e a situación sigue sen solucionarse definitivamente, a pesares de que hai en marcha unha serie de obras de mellora no citado colexio.

O certo e verdade é que hai un mes aproximadamente que está en marcha un novo curso escolar, e que os nenos e nenas do CEIP "Antonio Magariños" de Cambados non poden a día de hoxe asistir con normalidade ás clases de educación física polo estado no que se atopan as súas instalacións.

O Grupo Parlamentario Socialista leva meses denunciando que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten recortado na nosa educación máis de 400 millóns de euros durante o goberno do Sr Feijoo, circunstancia que ten influído obviamente de maneira moi negativa nas obras de mantemento que necesitan moitos centros educativos galegos.

No debate dos orzamentos de 2014, o Grupo Parlamentario Socialista intentou por todos os medios posibles convencer ao Grupo Popular da conveniencia de dedicar unha partida maior para gastos de RAM, pois eramos moi conscientes de que as necesidades e as carencias dos centros son cada vez maiores, e non hai practicamente Comisión de Educación do Parlamento de Galicia onde non teñamos que abordar algunha petición neste senso, e procedentes, por certo, das catro provincias galegas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28491
Data envio: 10/10/2014 14:12:39.041

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Volveremos a facer o mesmo no debate de orzamentos de 2015, agora que non paran de dicirnos un día si e outro tamén que a recuperación económica chegou, que chegou para quedarse e que ten raíces vigorosas...

No grupo parlamentario socialista agardamos nesta ocasión ter máis éxito que en anos anteriores, e conseguir que a partida de RAM para arranxar colexios e institutos conte cunha cantidade axeitada ás necesidades das nosas escolas e institutos.

Ante estas circunstancias que vimos de relatar, os deputados e deputadas que asinan formulan a seguinte e moi concreta pregunta:

Ten pensado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solucionar de maneira definitiva as lexítimas demandas da comunidade educativa do CEIP "Antonio Magariños" de Cambados?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/10/2014 14:10:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2014 14:10:59

Pablo García García na data 10/10/2014 14:11:13

María Concepción Burgo López na data 10/10/2014 14:11:24

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 10/10/2014 14:11:37

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 12:38
Nº Rexistro: 28505
Data envío: 13/10/2014 12:38:18.347

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A finais de setembro anunciou a súa dimisión o director xeral de Traballo tras citalo a policía por irregularidades en cursos de formación. Sorprendentemente a reacción da conselleira responsable da área, e do nomeamento de Odilo Martiñá, declarou aos medios de comunicación que "descoñece as razóns da dimisión", e o presidente da Xunta de Galicia despachou o asunto como un "cese a petición propia".

Diante desta grave situación, onde o Goberno non dou ningunha explicación política, as deputadas asinantes preguntan á Sra. conselleira de Traballo e Benestar:

Considera a Sra. Mato que, diante da gravidade dos acontecido, este asunto pode pecharse con ese tipo de explicacións?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Mª Soledad Soneira Tajes
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 13/10/2014 11:31:56

María Remedios Quintas Álvarez na data 13/10/2014 11:32:05

María Carmen Gallego Calvar na data 13/10/2014 11:32:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 12:38
Nº Rexistro: 28505
Data envio: 13/10/2014 12:38:18.347

Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2014 11:32:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 12:38
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 13/10/2014 12:38:51.831

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A finais de setembro anunciou a súa dimisión o director xeral de Traballo tras citalo a policía por irregularidades en cursos de formación. Sorprendentemente a reacción da conselleira responsable da área, e do nomeamento de Odilo Martiñá, declarou aos medios de comunicación que "descoñece as razóns da dimisión", e o presidente da Xunta de Galicia despachou o asunto como un "cese a petición propia".

A realidade é que a dimisión prodúcese nun escenario onde a policía investiga un suposto fraude na celebración de cursos de formación, con financiamento público, que nunca se celebraron e que as investigacións conducen directamente á propia Xunta de Galicia que, ou por neglixencia na fiscalización das actividades ou por calquera outra razón, foi colaboradora necesaria deste suposto fraude ás contas públicas.

A dimisión do director xeral, inmediatamente a súa presenza nas dependencias policiais, e a súa negativa a prestar declaración sobre os asuntos polos que foi citado na comisaría de Lonzas de A Coruña, non pode ser despachada como se fose un asunto menor. Estamos falando da persoa que ocupaba o 4º posto no organigrama da Consellería de Traballo e Benestar e que xestionaba a área de traballo e economía social.

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguinte preguntas á Sra. conselleira de Traballo e Benestar nos seguintes termos:

1.ª) Ten levado a cabo a Xunta de Galicia algunha investigación para detectar posibles irregularidades cometidas na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social nos últimos anos?

2.ª) Mais concretamente, ten investigado a Xunta de Galicia posibles

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 12:38
Nº Rexistro: 28506
Data envio: 13/10/2014 12:38:51.831

irregularidades na concesión, execución, xustificación e/ou fraude na celebración de cursos de formación, financiados pola Consellería de Traballo e Benestar nos anos en que o Sr. Odilo Mantiñá estivo ao fronte desta Dirección Xeral?

3.ª) Se é así, cal foi o resultado desta investigación?

4.ª) Téñense entregado os resultados da mesma á policía?

5.ª) Ten presentado a Xunta de Galicia algunha denuncia ao respecto?

6.ª) Se non se ten producido ningún tipo de investigación, cal é a razón?

7.ª) Considera a Sra. conselleira que tódolos feitos acontecidos arredor deste lamentable suceso non merecen unha explicación política?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Mª Soledad Soneira Tajes
María Quintas Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 13/10/2014 11:22:46

María Remedios Quintas Álvarez na data 13/10/2014 11:22:53

María Carmen Gallego Calvar na data 13/10/2014 11:23:01

María Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2014 11:23:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 13:30
Nº Rexistro: 28509
Data envío: 13/10/2014 13:30:05.416

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Antonio Mouriño Villar, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Ramón Santos Pérez e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

Nos últimos anos a FP ten experimentado en Galicia un notable salto cualitativo e cuantitativo, pasando a ocupar un lugar moi destacado dentro do sistema educativo. E ninguén pode por en dúbida a posta por estas ensinanzas, así como por su prestixio.

Proba diso é o incremento do alumnado, que supera o 50% desde fai cinco anos, tamén merece a pena destacar a mellora da rede de CIFP, a progresiva posta en marcha da FP Dual ou o desenvolvemento da FP a distancia, ademais do feito de que, no actual curso, Galicia afronta a substitución dos antigos PCPI pola FP Básica.

En definitiva, a Comunidade galega está a dignificar e prestixiar unha modalidade educativa vital para conseguir unha maior conectividade entre o eido educativo e o mercado laboral, coa finalidade de reforzar a empregabilidade da mocidade, mellorar a competitividade das empresas ao dotarse de recursos humanos de maior cualificación e, en definitiva, fomentar a creación de emprego.

Neste senso, cabe mencionar a liña de colaboración cos sectores produtivos a través das prácticas desenvoltas en empresas por parte dos alumnado, tanto no réxime ordinario como no tocante á FP Dual.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 13:30
Nº Rexistro: 28509
Data envio: 13/10/2014 13:30:05.416

grupo parlamentario de Galicia

Por todo o exposto se pregunta:

1. ¿Cal é a opinión da Consellería de Cultura e Educación no relativo ás prácticas en empresas por parte do alumnado de FP?

2. ¿Existe marxe para potenciar aínda máis a formación práctica do alumnado de FP?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 13/10/2014 13:04:51

Antonio Mouriño Villar na data 13/10/2014 13:09:26

Moisés Blanco Paradelo na data 13/10/2014 13:09:34

María Soledad Piñeiro Martínez na data 13/10/2014 13:09:54

Agustín Baamonde Díaz na data 13/10/2014 13:10:06

Hipólito Fariñas Sobrino na data 13/10/2014 13:10:12

Ramón Santos Perez na data 13/10/2014 13:10:25

Javier Dorado Soto na data 13/10/2014 13:11:00

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 13:34
Nº Rexistro: 28513
Data envio: 13/10/2014 13:34:10.775

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · espazo ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez,** membro do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión,** relativa á derrogación da Orde do 23 de xuño de 2014, pola que se establecen os elementos identificativos do Servizo de Gardacostas de Galicia.

O pasado día 7 de xullo do 2014, o DOG publicou a Orde do 23 de xuño de 2014 pola que se establecen os elementos identificativos do Servizo de Gardacostas de Galicia. Pola lei 2/2004, do 21 de abril, creárase o Servizo de Gardacostas de Galicia, modificada pola Lei 10/2010, do 11 de novembro, que no seu artigo 3º sinala que o persoal do Servizo de Gardacostas irá uniformado portando placa e carné profesional, e no seu artigo 1º prescribe que os membros do Servizo de Gardacostas serán os pertencentes ás escalas específicas que nel se definen. A legalidade sinala pois que levarán uniforme identificativo, placa e carné profesional do Servizo de Gardacostas exclusivamente as persoas pertencentes as escalas que define o artigo 1º da devandita lei.

Hai pouco a propia consellería, representada pola Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, tras unha investigación interna motivada por unha iniciativa parlamentar presentada polo noso grupo determinou que o actual Subdirector xeral do Gardacostas non podía levar uniforme nin placa ni carné profesional, por ser ilegal polo feito de pertencer á administración xeral da Xunta e non pertencer a ningunha das escalas do Gardacostas.

A devandita Orde do 23 de xuño teima en disputarlle á lei e o decreto a razón. A orde recolle no seu artigo13.3:

Cando existan outros cargos de dirección superiores ao/á subdirector/a xeral, dos que, segundo o correspondente decreto de estrutura, teña dependencia orgánica o Servizo de Gardacostas de Galicia, nos actos en que exerzan representación directa deste, poderán usar o uniforme de clase A no cal exhibirán as mesmas divisas que o/a subdirector/a xeral pero engadindo sobre eles outro galón dourado de 14 mm, no caso

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 13:34
Nº Rexistro: 28513
Data envio: 13/10/2014 13:34:10.775

de cargos de nivel de director/a xeral ou secretario/a xeral, e engadindo dous galóns dourados de 14 mm, no caso de nivel de conselleiro/a.

Isto é ilegal pois infrinxe de novo a lei e o decreto de funcións do Gardacostas. Por outra banda a orde de uniformidade fíxose atendendo ós postos non ás escalas, para enmascarar que persoas pertencentes a grupos inferiores manden nos superiores, o que lesiona claramente as funcións das escalas como indica o decreto 157/2005, do 26 de maio, nos seus artigos 6º, 7º e 8º. Semella transparente o exercicio de amiguismo que practica a conselleira, que pretende aprobar un ordenamento ad hoc, que sirva para satisfacer indesexables clientelismos e extravagantes caprichos.

Semella claro que os distintivos deben de ser por escalas e que ademais a uniformidade leve unha referencia o posto, tal e coma indicaba o anexo IV da orde do 22 de xullo de 2005 pola que se establecían os distintivos de identificación, divisas e uniformes do Servizo de Gardacostas, feita polo PP e actualmente derrogada. Coa orde actual na que os distintivos son pos postos pódense dar situacións en que un axente que estea en libre designación cese e quede a disposición da Conselleira, polo que non estaría en ningún posto dos que cita a orde; entón que galóns ou distintivos levaría?, traballaría sen distintivos indo en contra da norma?.

Esta orde foi publicada en suma para tratar de xustificar temporalmente situacións irregulares do servizo, e este grupo coñece do proxecto de decreto de funcións que iría na mesma liña de vulneración da lei.

Polo referido, este grupo parlamentar achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

1º.- Vai derrogar a Xunta a p Orde do 23 de xuño de 2014 pola que se establecen os elementos identificativos do Servizo de Gardacostas de Galicia?

2º Contempla a Xunta elaborar unha nova orde que cumpra a Lei 2/2004, do 21 de abril, sendo os distintivos por escalas e na que ademais a uniformidade leve unha referencia ao posto, tal e coma indicaba o anexo IV da Orde do 22 de xullo de 2005 pola que se establecen os distintivos de identificación, divisas e uniformes do Servizo de Gardacostas, actualmente derrogada?

3º Que medidas vai adoptar a Xunta para rematar con actuacións inaceptables, que van do amiguismo á ilegalidade, por parte da conselleira do Medio Rural e do Mar?

Compostela, 13 de outubro do 2014.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 13:34
Nº Rexistro: 28513
Data envio: 13/10/2014 13:34:10.775

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/10/2014 13:32:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28524
Data envio: 13/10/2014 16:20:23.353

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, María Quintas Alvarez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Segundo información que nos achegan dende o Comité de Empresa de Traballo e Benestar en Ourense o Goberno de Galicia pretende abrir a residencia pública para persoas maiores "O Cornuval" do concello de O Carballiño á xestión privada.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que os centros que foron construídos con fondos públicos para prestar atención en materia de Servizos Sociais deben ser xestionados dende o público, pois só así garantiremos igualdade e calidade na prestación das políticas sociais. As empresas privadas que operan neste sector xa teñen un nicho de mercado naquelas persoas que deciden libremente optar por estas, pero dende a política pública os gobernos teñen que garantir que calquera persoa que o queira poida ingresar nunha praza pública, pois os Servizos Sociais son un dereito universal e subxectivo.

Por este motivo, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Consellería de Traballo privatizar a xestión da residencia de persoas maiores "O Cornuval" de O Carballiño?
2. Si é así, cales son as razóns desta decisión?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
María Quintas Alvarez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28524
Data envio: 13/10/2014 16:20:23.353

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 13/10/2014 14:11:16

María Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2014 14:11:21

Manuel Vázquez Fernández na data 13/10/2014 14:11:26

María Remedios Quintas Álvarez na data 13/10/2014 14:11:31

Raúl Fernández Fernández na data 13/10/2014 14:11:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:00
Nº Rexistro: 28533
Data envío: 13/10/2014 18:00:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á falla de profesorado no IES Vilar Ponte de Viveiro.

Nos comezos deste curso escolar 2014/2015 os recortes de profesorado que a Consellería de Educación executou afectan gravemente a moitos centros públicos, e afectan dun xeito especialmente grave aos centros rurais e mais aos centros con alumnado con necesidades educativas e reforzo educativo que se ven privados de moito profesorado de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientadores/as. Ou sofren a decisión da Consellería de compartilo entre varios centros en lugar de garantir unha atención a tempo total nos centros que así o precisan.

A estes recortes que provocan unha perda de calidade do ensino público engádeselle, este ano, a cantidade de profesorado que imparte materias afíns (mesmo as consideradas troncais), a cantidade de profesorado que está itinerante en varios centros e a cantidade de profesorado que se ve obrigado a impartir docencia en aulas que superan as ratios establecidas legalmente ou agrupar nunha mesma aula a alumnado de varios niveis educativos.

Por causa destes recortes continuados de profesorado nos centros públicos, dende o comezo de curso, en infantil, primaria e secundaria estamos asistindo a denuncias continuadas da comunidade educativa pola falla de profesorado en moitos centros. Numerosas ANPAS, equipas directivas de centros públicos, claustros de profesores, sindicatos do ensino e plataformas que defenden o ensino público, reclaman

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:00
Nº Rexistro: 28533
Data envío: 13/10/2014 18:00:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Consellería de Educación o profesorado necesario para atender ás necesidades educativas dos centros e para garantir un ensino de calidade para a totalidade do alumnado.

Un dos centros onde os recortes provocaron graves problemas, para a atención educativa de calidade que o alumnado merece, foi o IES "Vilar Ponte" de Viveiro porque o profesor nº 43 de Lingua castelá con que contaba o centro para comezar o curso non foi nomeado pola Consellería.

Este recorte de profesorado provocou problemas diversos no centro (atención ás gardas, agrupamentos e desdobres, atención á biblioteca, confección de horarios,....) que levou á equipa directiva a presentar a súa dimisión ao considerar que a Consellería de Educación non estaba a cumprir cos compromisos de dotar do profesorado necesarios ao IES, para garantir un ensino de calidade.

Lamentabelmente a Consellería de Educación, en lugar de resolver o problema de dotación de profesorado, escolleu aceptar a dimisión da equipa directiva e nomear unha nova dirección do Centro.

A comunidade educativa do IES Vilar Ponte considerou que se estaba a poñer en perigo a calidade do ensino e por esa razón houbo denuncias públicas reclamando solucionar o problema de dotación do profesorado.

O pasado venres, 10 de outubro; a ANPA do IES reclamou, mais unha vez, que se nomease ao profesor/a que faltaba no centro, mais en lugar de recibir unha boa nova por parte da consellería (nomeando un novo/a profesor/a) atopáronse coa denuncia a dúas nais, por parte da nova dirección do Centro; unha delas a secretaria da ANPA e outra unha representante do Consello Escolar do Centro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:00
Nº Rexistro: 28533
Data envio: 13/10/2014 18:00:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao Grupo Parlamentar do BNG chámalle a atención que a administración educativa, en lugar de defender a calidade do ensino público, se adique a denunciar a dous membros da comunidade educativa, que reclamaban un profesor/a que estaba comprometido para atender ás necesidades educativas do centro, mais que non foi nomeado. Por outra parte, tamén resulta chamativo que a denuncia se faga por "alteración da orde pública e por interromper actividades lectivas" e para garantir a atención adecuada aos estudantes.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que estas dúas representantes da Comunidade educativa do IES Vilar Ponte, que reclamaban "Un profesor non é un antollo é unha necesidade", non poden ser tratadas como delincuentes por defender a calidade educativa dun centro educativo.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a administración educativa debera ser a primeira en defender a calidade educativa do IES Vilar Ponte, en defender os recursos de profesorado necesarios para garantir esa calidade, en defender a colaboración de toda a comunidade educativa para buscar unha solución duradeira ao problema.

Polo anteriormente exposto formúlase as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1º.- É consciente a Consellería de Educación dos problemas que se derivan da falla de profesorado no IES Vilar Ponte?

2º.- Considera a Consellería de Educación que co profesorado actual pode garantir a atención que precisa o alumnado con necesidades educativas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:00
Nº Rexistro: 28533
Data envio: 13/10/2014 18:00:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º.- Ten pensado a Consellería de Educación cumprir o pactado no curso pasado coa anterior equipa directiva no referente ao profesorado do IES Vilar Ponte e nomear a un profesor de lingua castelá?

4º.- Ten pensado a Consellería de Educación intervir na solución do problema denunciado no IES Vilar Ponte, para garantir a calidade do ensino do Centro?

5º.- Ten pensado a Consellería de Educación atender a solicitude da ANPA, da anterior equipa directiva e da maioría do profesorado para garantir o nomeamento do/a profesor/a nº 43 de lingua castelá, pactado pola anterior equipa directiva?

6º.- Considera a consellería que a denuncia de dous representantes da comunidade educativa é o camiño para solucionar o problema de profesorado do Centro?

7º.- Ou considera a Consellería de Educación que a mellor maneira de resolver o conflito é cumprir os compromisos, buscando a colaboración da comunidade educativa de cara a que o centro recupere o seu bo traballo a prol do ensino público e de calidade?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:00
Nº Rexistro: 28533
Data envio: 13/10/2014 18:00:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 13/10/2014 17:58:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:06
Nº Rexistro: 28536
Data envio: 13/10/2014 18:06:02.635

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova

esquerda ecosocialista galega

equo

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión.**

A estafa que os poderes financeiros están a perpetrar no noso pais mediante a crise, supón a día de hoxe que unha boa parte da nosa cidadanía este xa fora dos procesos de cobertura da administración autonómica, cando apenas 5 de cada 10 desempregados ten prestación, con máis de 30.000 fogares sen ningún ingreso e 1 de cada 4 nenos en situación de pobreza o Goberno Galego continúa a ser inmune a este drama, recluíndo a súa política social nunha raquítica e ineficaz Renda de Integración Social, esquecendo calquera outra actividade que permita mellorar a condición das nosas familias.

Nesta contexto socioeconómico resulta insultante e obsceno que o goberno galego non execute parte dos orzamentos adicados a inclusión social do país, como o demostran as cifras de execución a 1 de xullo que explicitan esta falla de compromiso.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta, para a súa resposta oral en Comisión:

***** Ten previsto o goberno galego, no contexto actual de pobreza do pais e co baixo grado de execución de partidas adicadas a axudas de emerxencia, banco de alimentos e subvencións en materia de servicios socias, articular algunha medida para mudar estas dinámicas?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2014.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2014 18:06
Nº Rexistro: 28536
Data envio: 13/10/2014 18:06:02.635

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/10/2014 18:05:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 11:51
Nº Rexistro: 28555
Data envío: 14/10/2014 11:51:44.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á avaliación que fai a Xunta de Galiza sobre a situación do idioma galego.

-Como avalía a Xunta de Galiza os últimos dados publicados sobre a evolución do uso do galego?

-Considera a Xunta de Galiza que está a cumprir o mandato estatutario de favorecer un proceso de normalización lingüística do idioma galego?

-Ten previsto a Xunta de Galiza dar cumprimento ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega coa finalidade de reverter a marxinación e exclusión da lingua galega de diversos ámbitos sociais?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/10/2014 11:44:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 11:51
Nº Rexistro: 28555
Data envio: 14/10/2014 11:51:44.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 12:40
Nº Rexistro: 28586
Data envio: 14/10/2014 12:40:21.746

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta na Comisión 8ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

Que o sector da ostra e os seus cultivadores levan anos afrontando unha profunda crise é algo coñecido por todos.

Os números falan por si solos, a finais dos anos 70 e principios dos 80 existían nas rías galegas aproximadamente 300 bateas que se dedicaban á produción deste bivalvo mariño, descendendo a tan só 137 a principio dos anos 90, e ata chegar á actualidade onde teñen autorización para a produción de ostra escasamente 100 bateas.

A produción é moi escasa, a ostra non sobrevive nas rías por diversos factores, a *bonamia*, a *martelia* e outras causas derivadas da contaminación etc... provocan taxas de mortaldade por riba do 80 % cando a ostra alcanza os 5 cm, polo que resulta practicamente imposible facer rendible ningunha empresa ostreira.

Segundo os propios datos facilitados pola Consellería a caída na produción de ostra galega é evidente, e revelan que en tan só un ano pasou de se venderen 104.817 quilogramos no 2012 a 40.282 no 2013, cifras que tamén se reflicten nas facturacións ao pasar de 316.838 euros a 141.014.

Diante desta situación e desde hai xa tempo varios produtores desta especie veñen solicitando á Consellería do Medio Rural e do Mar o cambio de actividade para poder producir mexillón, en total son aproximadamente 50 bateas as que teñen solicitado xa o pertinente cambio de actividade.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso buscar solucións a estes profesionais do mar que desde hai anos veñen arrastrando unha difícil situación socio-económica, polo que formulamos as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 12:40
Nº Rexistro: 28586
Data envio: 14/10/2014 12:40:21.746

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª) Que opinión lle merece o Goberno galego a situación que vén atravesando o sector da ostra en Galicia?

2ª) Cales son os ingresos medios dunha batea de ostra nos últimos anos?

3ª) Ten constancia o Goberno galego da existencia de solicitudes de cambio de actividade de aproximadamente 50 bateas para poder producir mexillón?

4ª) De ser afirmativo, cando se van resolver e en que sentido?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/10/2014 12:38:34

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 14/10/2014 12:38:43

José Manuel Gallego Lomba na data 14/10/2014 12:38:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:06
Nº Rexistro: 28617
Data envio: 14/10/2014 13:06:27.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **María do Carme Adán Villamarín**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coas actuacións que ten previsto realizar o Goberno Galego ante o ditame do Consello da Cultura Galega en relación cos bens patrimoniais, concretamente no referido á Acrópole e Castelo de Monterrei.

O Consello da Cultura Galega acaba de emitir o informe "Usos do Castelo de Monterrei (Ourense)" realizado a petición, no mes de maio, pola Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei, entre outros colectivos da comarca. O obxecto da solicitude era que este órgano asesor e consultor en materia patrimonial e cultural se pronunciase sobre a situación patrimonial e legal do proxecto que se está levando a cabo no Castelo por parte do Goberno da Xunta de Galicia, para convertelo nun Hotel-Parador de catro estrelas.

O informe elaborado polo Consello da Cultura, no que participaron numerosos expertos en patrimonio, en historia, antropoloxía, arquitectura, todas persoas con contrastado prestixio na materia conclúe, entre outras consideración que debe revisarse o destino para uso hoteleiro dunha parte do actual edificio do Castelo.

Existe unha coincidencia nas argumentación do Consello da Cultura e as esgrimidas pola Plataforma e tamén polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego no sentido de que sería máis coherente facer un plan de viabilidade do actual parador, situado a menos de 400 m do Castelo e redactar un Plan Director do Castelo no

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:06
Nº Rexistro: 28617
Data envio: 14/10/2014 13:06:27.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o seu papel central sexa o de elemento dinamizador da comarca, incentivo turístico, cultural e como complemento do espazo hoteleiro.

Sendo esta a conclusión ou proposta a central do ditame do Consello Consultivo tampouco resulta menor para este Grupo Parlamentar o seu reproche en relación coa deficiente categorización ou catalogación deste ben patrimonial e a súa proposta de que con carácter previo a calquera actuación e/ou intervención se debera establecer cal é a figura de protección máis acaída.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, o carácter de alta cualificación deste informe e a rotundidade das súas conclusión deberan motivar unha profunda reflexión do Goberno galego en relación coa continuidade das obras e das actuacións que se están executando no Castelo, entre outras razóns polo seu carácter irreversíbel e tamén pola falta de consenso social e técnico en relación coa súa idoneidade.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Coñece o ditame emitido polo Consello da Cultura Galega en relación coas actuacións que está desenvolvendo o Goberno Galego na Acrópole e Castelo de Monterrei?

2.- Que valoración fai en relación co seu contido e coas propostas que se derivan das súas conclusións?

3.- Ten previsto acoller a proposta que se formula e en consecuencia proceder á paralización inmediata das obras e actuacións que se están executando no Castelo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:06
Nº Rexistro: 28617
Data envio: 14/10/2014 13:06:27.168

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Non considera que de non procederse á súa inmediata paralización as consecuencias das obras poderían ser irreparábeis para cumprir as recomendación do Consello da Cultura no seu ditame?

5.- Non considera que tratándose dun ditame dunha institución estatutaria as súas recomendacións deberán ser consideradas como vinculantes polo Goberno Galego nunha materia como a da preservación e protección dos bens patrimoniais que lle é propia a esta institución?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**
Ana Belén Pontón Mondelo
María do Carme Adán Villamarín
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 14/10/2014 13:02:07

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/10/2014 13:02:16

María do Carme Adán Villamarín na data 14/10/2014 13:02:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:55
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 14/10/2014 13:55:21.543

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para o súa resposta oral en Comisión,** relativa á contaminación atmosférica.

O informe de Ecoloxistas en Acción sobre a calidade do ar que respiramos non deixa de xerar preocupación tanto polos dados recollidos, que amosan a estensión da contaminación que respiramos, como pola necesidade de mellorar a rede de recollida dos propios dados. Os dados son do ano 2013 e recompiláronse das 54 estacións de control da contaminación que pertencen á Xunta, concello de A Coruña e outras diversas instalacións industriais, pero no informe faise notar que fallan medicións nas zonas de Ferrolterra-Ortegal e Valdeorras por carecer das instalacións precisas ou por seren estas insuficientes.

Unha primeira conclusión deste informe é a necesidade de que a Xunta mellore a rede que mide a calidade do ar no noso país.

Os contaminantes que maior incidencia presentan en Galicia son o ozono troposférico, as partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$ e o dióxido de xofre. O ozono troposférico prexudica a saúde humana, a vexetación e os materiais. A acción antrópica provócao coa queima de combustibles fósiles no transporte, a industria e as centrais eléctricas e no informe detéctase nas cidades de Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo e nas faixas Ordes-Eume, na mariña e na Limia-Miño. Elemento nocivo do que non se informou axeitadamente á poboación alomenos nunha ocasión na que excedeu o limiar que o requería.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:55
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 14/10/2014 13:55:21.543

Outra das substancias nocivas son as partículas PM10 (partículas sólidas ou líquidas de po, cinzas, partículas metálicas, cemento ó polen, dispersas na atmosfera, e cuxo diámetro varía entre 2,5 y 10 µm (1 micrómetro corresponde a milésima parte de 1 milímetro), e as PM2,5, que engaden como perigosidade que poden ser inhaladas e chegar as zonas periféricas dos bronquiolos e alterar o intercambio pulmonar de gases. Están formadas principalmente por compostos inorgánicos como silicatos e aluminatos, metais pesados entre outros, e material orgánico asociado a partículas de carbono. Caracterízanse por posuir un pH básico debido á combustión non controlada de materiais), que afectan aos grandes núcleos poboacionais do país, así como en Ponteareas e Arteixo.

No que atinxe ao dióxido de xofre superouse a concentración media diaria que recomenda a OMS en varias estacións, caso das de Coruña, en Pastoriza moi elevadas, nas de Pontevedra e Poio (de Vigo, en Carral, a cabalo da central de Meirama e a zona industrial de A Coruña.relacionadas con ENCE), en Oural con valores particularmente altos a causa da empresa de cementos da zona, e en Xove a causa das emisións de Alcoa e en san Vicente.

A estes dados negativos hai que sumarlles a falla de información suficiente sobre os niveis de benceno, hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) e metáis pesados, que son de avaliación obrigada. Sendo as medicións que se podieron realizar deste elementos moi escasas e non representativas.

Lamentablemente a falla de atención do Estado en materia de contaminación é proverbial: España non traspuxera a lexislación nai (directiva 96/62/CE do Consello, do 27 de setembro do 1996, sobre avaliación e xestión da calidade do ar, así como directivas fillas subseguintes) ate a sentenza do 13 de setembro do 2001 ao reino de España por o incumprimento das obrigas derivadas desas directivas.

Logo a cousa púxose máis fácil, cando cedendo aos intereses económicos a directiva 2008/50/CE do Parlamento e do Consello acometeu un grave retroceso nas condicións estándares de calidade ambiental, ao establecer a devandita directiva uns límites superiores respeito da anterior lexislación; límites moito menos esixentes que os indicados pola OMS, ao prescribir un valor medio anual que dobra o recomedado pola OMS e que permita quintuplicar o número de días onde se pode superar o valor límite.

Sinalar que a contaminación atomosférica xoga claramente en contra da saúde pública da sosa poboación. Aos problemas xerais derivados do ozono, o efecto invernadoiro e a chuvia ácida, Galicia ten unha problemática específica propia que o informe pon en relación con algunhas grandes industrias, as centrais termoeléctrica de carbón, e os tráficos marítimo e rodado das grandes cidades. Subliñar o crecemento das alerxias, onde diferentes e concordantes estudos científicos constatan como “cada vez é máis evidente a relación entre contaminación e aparición de alteracións no sistema

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:55
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 14/10/2014 13:55:21.543

inmunolóxico e as modernas epidemias de eccemas de contacto, alerxias cutáneas ou oculares, asma ambiental ou patoloxías agresivas como enfermedades autoinmunes ou o espectacular aumento no número dos linfomas”·

Contaminación atomosférica específica que ten graves repercusións negativas na saúde pública, ao punto que as estimacións da OMS cuantifican e 2 millóns de mortes prematuras anuais as que provoca a contaminación atmosférica, a maior parte delas nos países en desenvolvemento, as máis das veces estación sen fin, por medio de doenzas cardiovasculares e respiratorias.

Semella claro que as finalidades e estratexias do programa 541 D do orzamento da Xunta distan de estar a ser cumprimentadas axeitadamente: dificilmente se potencia unha cultura medioambiental cando se relaxan os estándares de esixencia medioambiental, e a partires desta primeira consideración enunciase un catálogo de boas intencións sen un reflexo orzamentario suficiente.

Este programa é claramente insuficiente para atender aos obxectivos da lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, cuxas liñas de actuación comprendidas no artigo 2 teñen unha pobre concreción práctica efectiva. A Xunta non aproveita o anotado no artigo 7.2 sobre plans específicos de actuación e a mellora da rede xeral de vixiancia referida no artigo 9.

Polo referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que valoración lle merecen os dados do informe de Ecoloxistas en Acción á Xunta de Galicia?
- Que medidas vai desenvolver a Xunta, e que impacto orzamentario van ter, para reducir a contaminación atmosférica e reducir así o impacto negativo na saúde pública que denuncia o informe?
- Que actuacións vai executar a Xunta para ampliar e mellorar a rede de estacións de control da Xunta?
- Non vai incrementar a Xunta de Galicia o gravame do imposto sobre contaminación atmosférica?

Compostela, 14 de outubro do 2014.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 13:55
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 14/10/2014 13:55:21.543

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/10/2014 13:52:07

Antón Sánchez García na data 14/10/2014 13:52:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:34
Nº Rexistro: 28667
Data envío: 14/10/2014 16:34:16.344

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai xa un ano, que no Debate do Estado da Autonomía, o presidente Feijoo anunciou un novo canón mineiro, que gravará a un centenar de proxectos mineiros. Galicia suma máis de sesenta permisos de investigación e explotación de ouro, prata e wolframio, que supoñen o groso dos minerais metálicos aos que, segundo fontes da consellería, afecta o novo gravame.

O anuncio do Sr. Núñez Feijóo, completouno o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, precisando que o imposto se aplicará aos minerais metálicos, aqueles cuxa extracción entraña máis risco ambiental.

Descoñécese, ao día de hoxe, un ano despois, como se aplicará a nova taxa, pero o certo é que afectará a moitos dos dereitos mineiros repartidos por Galicia, máis dun centenar en mans de empresas con permisos de investigación ou explotación xa tramitados. Os dereitos mineiros aos que apunta a Consellería de Economía e Industria superan folgadamente o centenar.

A outra particularidade do novo gravame é que, parece que do mesmo xeito que co canon eólico, aplicarase ás extraccións que xa estean en marcha.

Poderíase pensar, que esta nova carga impositiva afectaría a múltiples proxectos pendentes de explotar, pero o certa é que moitos dos interrogantes permanecen, introducindo inseguridade en termos de inversión nas distintas explotacións mineiras da Comunidade Autónoma.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:34
Nº Rexistro: 28667
Data envio: 14/10/2014 16:34:16.344

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten realizados a Xunta de Galicia algún estudo sobre o impacto, tanto na actividade económica, como na recadación fiscal, da nova taxa mineira anunciada fai un ano polo presidente Feijóo?
2. De ser así, cales teñen sido as conclusións técnicas e económicas deses traballos?
3. A que tipo de minería vai afectar a nova taxa mineira anunciada fai un ano polo presidente Feijóo?
4. Pode confirmar a Xunta de Galicia que esta nova taxa mineira anunciada fai un ano polo presidente Feijóo, non vai afectar ao subsector das rachas ornamentais (lousa e granito)?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Gallego Lomba
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/10/2014 16:15:46

Beatriz Sestayo Doce na data 14/10/2014 16:15:52

José Manuel Gallego Lomba na data 14/10/2014 16:15:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:38
Nº Rexistro: 28670
Data envío: 14/10/2014 16:38:08.860

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A empresa Pascual acaba de firmar un acordo de venda da súa planta de Outeiro de Rei coa empresa Logística Alimentaria S.L. Dita empresa tal como manifestou publicamente dedicará dita planta como "centro de recollida e posterior subministro de leite e outros derivados lácteos á carta a outras industrias lácteas e agroalimentarias".

Dita planta cerrou no ano 2009 despois de presentar un Expediente de Regulación de Emprego ós seus traballadores, posteriormente foi alugada para o proxecto de Alimentos Lácteos percibindo cuantiosas subvencións por parte de distintos organismos da Xunta de Galicia, e en maio de 2013 entra en concurso de acredores e liquídase a mesma revertendo de novo a planta a Pascual para a súa actual venda.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do feito desta venda dado os recursos públicos invertidos no falido proxecto de Alimentos Lácteos?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 14/10/2014 16:16:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:38
Nº Rexistro: 28670
Data envio: 14/10/2014 16:38:08.860

Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 14/10/2014 16:17:03

José Ramón Val Alonso na data 14/10/2014 16:17:08

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:39
Nº Rexistro: 28675
Data envío: 14/10/2014 16:39:44.298

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e **José Ramón Val Alonso,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O Pladiga do ano 2014 contemplaba o dispositivo de extinción de incendios baixo a fórmula de convenios con concellos para a posta en marcha das brigadas municipais, como parte fundamental e maioritaria do dispositivo.

Ditos convenios establecían un pago do 50 % do importe do mesmo no momento da creación de dita brigada así como os prazos e condicións de pago do restante.

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos convenios de colaboración se formalizaron cos concellos?
2. En que datas se abonaron as cantidades comprometidas en cada un deles?
3. Cal é a situación actual de ditos convenios a efectos de liquidación?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 14/10/2014 16:18:42

Raúl Fernández Fernández na data 14/10/2014 16:18:48

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 16:39
Nº Rexistro: 28675
Data envio: 14/10/2014 16:39:44.298

Grupo Parlamentario

José Ramón Val Alonso na data 14/10/2014 16:18:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:16
Nº Rexistro: 28687
Data envío: 14/10/2014 17:16:36.407

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Concepción Burgo López e María Quintas Álvarez e Vicente Docasar Docasar deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Antonio Fernández-Campa foi nomeado recentemente xerente do Sergas. Segundo parece nalgún medio de comunicación as súas primeiras declaracións en relación co HULA foron sobre o servizo de hemodinámica. En concreto o Sr. Campa dixo que "hemodinámica 24 horas non mellora a calidade asistencial no HULA".

Por iso os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Confirma o Goberno galego que ter un servizo de hemodinámica 24 horas, en vez de 8 horas como está na actualidade, non mellora a calidade asistencial?

2ª) Diríalle o Goberno galego isto mesmo a un infartado da montaña de Lugo?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 14/10/2014 14:10:37

María Carmen Acuña do Campo na data 14/10/2014 14:10:52

María Carmen Gallego Calvar na data 14/10/2014 14:11:06

María Concepción Burgo López na data 14/10/2014 14:11:11

María Remedios Quintas Álvarez na data 14/10/2014 14:11:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:16
Nº Rexistro: 28687
Data envio: 14/10/2014 17:16:36.407

Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/10/2014 14:11:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:17
Nº Rexistro: 28688
Data envío: 14/10/2014 17:17:00.188

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Concepción Burgo López, María Quintas Álvarez, Vicente Docasar Docasar e José Ramón Val Alonso, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

En relación coas comisións de participación nas áreas sanitarias, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Están creadas e publicadas no DOG as distintas comisións de participación nas áreas sanitarias de Lugo?

2ª) Estas comisións de participación é o foro onde, coa periodicidade establecida, sindicatos, veciños, e outros axentes sociais solicitan a informacións obre a xestión da súa área sanitaria?

3ª) Cal é a causa para que dende o ano 2009 non se reúna a Comisión de participación na área sanitaria de Lugo?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 14/10/2014 14:13:11

María Carmen Acuña do Campo na data 14/10/2014 14:13:23

María Carmen Gallego Calvar na data 14/10/2014 14:13:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:17
Nº Rexistro: 28688
Data envio: 14/10/2014 17:17:00.188

Grupo Parlamentario

María Concepción Burgo López na data 14/10/2014 14:13:40

María Remedios Quintas Álvarez na data 14/10/2014 14:13:52

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/10/2014 14:14:07

José Ramón Val Alonso na data 14/10/2014 14:14:18

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:17
Nº Rexistro: 28689
Data envio: 14/10/2014 17:17:40.079

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

En relación coas instalacións industriais en desuso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que a estratexia económica de adxudicar instalacións industriais en desuso a empresas creadas "*ad hoc*", como é o caso da "Fabrica de Armas" da Coruña, con fontes de financiamento sen definir é acertada?

2ª) Nun momento de dificultades de financiamento como o actual, considera o Goberno galego que esta política traslada confianza aos distintos axentes económicos implicados no seu desenvolvemento industrial?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 14/10/2014 14:18:58

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/10/2014 14:19:12

José Luís Méndez Romeu na data 14/10/2014 14:19:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:19
Nº Rexistro: 28691
Data envío: 14/10/2014 17:19:04.360

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Goberno do Estado vén de facilitarlle ao sector o proxecto de orde pola que se convocan as axudas por paralización temporal para armadores e propietarios de buques cerqueiros afectados pola aplicación da regra de explotación conxunta entre España e Portugal do Plan de xestión par a sardiña no Cantábrico Noroeste e o Golfo de Cádiz.

Onde se establece que poderán ser beneficiarios destas axudas os armadores ou propietarios de barcos que tendo faenado nas zonas CIEM VIII C e augas de Portugal e Golfo de Cádiz zona IX A durante a campaña 2014, e se teña comprobado polos medios dos que dispón a Secretaría Xeral de Pesca, unha dependencia da sardiña fixada por desembarques superiores ao 25 % do total das capturas ou uns valores das capturas superiores ao 25 do valor total das capturas comercializadas no período 2007-2014 e cumpran ademais os requisitos da orden AAA/175/2012 do 30 de xaneiro.

Estas condicións xunto con outras que se establecen neste proxecto teñen provocado un rexeitamento frontal por parte do sector galego que xa ten presentado alegacións no sentido de que estas axudas poidan dar cobertura ao cento por cento da flota de cerco, e mesmo tamén que se poida recoller a posibilidade de acceso a estas axudas para a flota do xeito.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso coñecer de primeira man cal é a posición do Goberno galego neste tema, que afecta a un número importante de embarcacións e o que é máis importante de tripulantes que nos últimos tempos veñen comprobando como se toman decisións de costas a eles e que ademais resultan tremendamente lesivas para os seus intereses.

Por todo isto formulamos as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:19
Nº Rexistro: 28691
Data envio: 14/10/2014 17:19:04.360

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª) Que opinión lle merece o Goberno galego este proxecto de orde para a concesión de axudas por paralización temporal para armadores de buques cerqueiros?

2ª) Comparte o Goberno galego os termos nos que foi expresada?

3ª) Considera razoable as alegacións presentadas polo sector do cerco galego?

4ª) Vai a defender o Goberno galego diante do Goberno central as formulacións e alegacións manifestadas desde Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/10/2014 14:22:55

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 14/10/2014 14:23:08

José Manuel Gallego Lomba na data 14/10/2014 14:23:16

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:23
Nº Rexistro: 28693
Data envio: 14/10/2014 17:23:03.813

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 1.ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A fusión de Concellos, promovida pola Xunta de Galicia no ano 2012 como un proxecto histórico, ten devenido nunha única operación de propaganda. O único exemplo, a fusión de dous Concellos, Cesuras e Oza dos Ríos, ata hoxe non viu realizadas ningunha das actuacións administrativas, económicas, de investimento ou de mellora dos servizos públicos, que no seu momento foron abondosamente anunciadas.

Como denunciou este grupo, a operación foi caracterizada pola ausencia de debate rigoroso, a improvisación e a inconsistencia. Non existe ningún documento da Xunta que analice ou planifique a modificación da planta local galega. O informe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña para avalar a devandita fusión, está constituído fundamentalmente por anuncios, fotocopias ou proxectos alleos á Administración, carecendo de fundamentación rigorosa de carácter administrativo, territorial ou de financiamento.

Doutra banda a cativa experiencia do Concello resultante da fusión, provoca sorpresa. Na primeira contratación de importancia, a tala de árbores no Parque do Sanatorio de Cesuras, un dos proxectos principais durante a fusión, se ten detectado un sobrecusto en todas as partidas que de media supón o 45 % e nalgunhas chega ó 280 %.

Dende hai meses, os representantes da oposición na Comisión Xestora non reciben copia das Actas da Comisión. O ex alcalde de Cesuras tivo que dimitir por estar imputado xudicialmente. O ex alcalde de Oza e membro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2014 17:23
Nº Rexistro: 28693
Data envio: 14/10/2014 17:23:03.813

da Comisión xestora, está condenado en firme a seis meses de inhabilitación. O presidente da Comisión Xestora triplicouse o salario. Un conxunto de situacións irregulares que impiden considerar esta fusión como exemplo a seguir.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Qué valoración fai o Goberno da actual situación do Concello de Oza-Cesuras?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Francisco Caamaño Domínguez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 14/10/2014 17:21:41

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 14/10/2014 17:21:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28698
Data envio: 14/10/2014 19:26:54.251

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha "a bombo e prato" ao longo dos últimos meses unha serie de experiencias de formación profesional dual en determinados centros educativos da nosa comunidade autónoma.

Tendo en conta que esta experiencia ten suscitado na comunidade educativa sensacións contraditorias, e que ten pasado un tempo prudencial para poder facer unha valoración obxectiva, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a posta en marcha da FP Dual en Galicia?

2ª) Cantos e cantas alumnos e alumnas teñen participado nesta experiencia no que vai de ano 2014?

3ª) Cantas empresas teñen participado neste proxecto de FP Dual en Galicia no que vai de ano 2014?

4ª) Que cantidade económica se ten gastado neste proxecto no que vai de ano 2014, que cantidade concreta foi dedicada ao alumnado e que cantidade concreta foi dedicada ás empresas?

5ª) Cantos convenios e con que empresas ou sectores foron asinados, dende a posta en marcha da FP Dual en Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28698
Data envio: 14/10/2014 19:26:54.251

6ª) E finalmente, cantos alumnos e cantas alumnas fixeron prácticas en Galicia no que vai do ano 2014 baixo o modelo denominado de FCT, que cantidade concreta foi investida nese capítulo e cantos convenios con empresas foron asinados?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/10/2014 19:22:06

María Concepción Burgo López na data 14/10/2014 19:22:16

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 14/10/2014 19:22:27

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28791
Data envío: 15/10/2014 10:36:10.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas e **Ana Belén Pontón Mondelo**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que vai levar adiante a Xunta e Galiza para mellorar o saneamento dos concellos de Cee e Corcubión.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) ven denunciando a falta de actuacións da Xunta de Galiza para garantir un bo estado da ría de Corcubión. De feito nesta ría foron detectados problemas pola presenza de metais pesados, así como pola contaminación de fecais. Estas última deriva dos problemas de funcionamento da depuradora, así como do insuficiente saneamento de Cee e Corcubión. Esta situación ven sendo denunciada por diversos colectivos, sen que teñan actuado para artellar unha solución. A Xunta recoñece que existe un problema porén non leva adiante as inversións e proxectos precisos para acabar coa contaminación desta ría.

Augas de Galiza anunciou hai tempo a elaboración dun estudo para subsanar os problemas en Cee e Corcubión coas augas fecais e pluviais, no que se investiron uns 240.000 euros. Coa finalidade de coñecer o contido deste estudo e as previsións da Xunta de Galiza en relación coas inversións necesarias para mellorar o saneamento e depuración nos concellos de Cee e Corcubión, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Como valora a Xunta de Galiza a situación da ría de Corcubión do punto de vista da calidade das súas augas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 10:36
Nº Rexistro: 28791
Data envio: 15/10/2014 10:36:10.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que incidencia ten nesta situación as carencias de saneamento e depuración?

-Elaborou a Xunta de Galiza un estudo sobre as actuacións precisas para solucionar os problemas e carencias detectadas no saneamento e depuración dos concellos de Cee e Corcubión?

-En caso afirmativo, cal é o contido dese estudo? Que actuacións se van levar adiante en base ao mesmo? En que prazo? Con que investimentos?

-En caso negativo, cando prevé a Xunta de Galiza que poda estar elaborado?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/10/2014 10:35:16

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/10/2014 10:35:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:14
Nº Rexistro: 28827
Data envio: 15/10/2014 12:14:02.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o papel da CRTVG no proceso de normalización lingüística e singularmente a oferta de programación en galego a través da dobraxe.

A CRTVG naceu coa vontade de ser un instrumento importante a prol da normalización lingüística que dotara de presenza a nosa lingua nos medios audiovisuais. En consonancia con este obxectivo a propia Lei de Normalización Lingüística recolle no seu artigo 18 que "O galego será lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións galegas da Comunidade Autónoma" e no artigo 20 establece como obrigas da Xunta de Galiza "Fomentar a produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega".

Nesta dirección ao longo das décadas de existencia da CRTVG destináronse diversas cantidades a dobraxe de produtos audiovisuais cos que enriquecer a grella da televisión pública. Porén esta aposta e compromiso tense reducido dun xeito constante nos últimos anos e mesmo existe unha opacidade na xestión destes recursos públicos que convén aclarar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:14
Nº Rexistro: 28827
Data envio: 15/10/2014 12:14:02.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta finalidade formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que cantidade consignou a CRTVG no exercicio orzamentario de 2011 para a dobraxe de produtos televisivos? Da cantidade total, canto se executou finalmente? A que empresas se adxudicaron estas dobraxes e que cantidades se pagaron? Que produtos televisivos foron dobrados e cales foron emitidos?

-Que cantidade consignou a CRTVG no exercicio orzamentario de 2012 para a dobraxe de produtos televisivos? Da cantidade total, canto se executou finalmente? A que empresas se adxudicaron estas dobraxes e que cantidades se pagaron? Que produtos televisivos foron dobrados e cales foron emitidos?

Que cantidade consignou a CRTVG no exercicio orzamentario de 2013 para a dobraxe de produtos televisivos? Da cantidade total, canto se executou finalmente? A que empresas se adxudicaron estas dobraxes e que cantidades se pagaron? Que produtos televisivos foron dobrados e cales foron emitidos?

-Que cantidade consignou a CRTVG no exercicio orzamentario de 2014 para a dobraxe de produtos televisivos? Da cantidade total, canto se executou finalmente? A que empresas se adxudicaron estas dobraxes e que cantidades se pagaron? Que produtos televisivos foron dobrados e cales foron emitidos?

-Que porcentaxe de produtos emitidos corresponden a dobraxe nova, e cales a re-emisións de produtos xa dobrados no ano 2001, 2012, 2013 e 2014 (datos desagregados por anos)?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:14
Nº Rexistro: 28827
Data envio: 15/10/2014 12:14:02.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que avaliación fai a Xunta de Galiza sobre o impacto dos recortes neste ámbito, tanto do punto de vista social como do punto de vista do proceso de normalización da lingua galega?

-Considera o director da CRTVG que é apropiado a re-emisións de produtos dobrados a un galego anterior ós últimos cambios de normativa?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/10/2014 12:07:44

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2014 12:07:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28867
Data envío: 15/10/2014 12:59:28.704

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de protección do río Miño diante da construción dunha estación de servizo vinculada ao centro comercial Carrefour de Lugo.

O Concello de Lugo ven de conceder a licenza de obra para a construción dunha estación de servizo vinculada á cadea de hipermercados francesa Carrefour. A construción desta estación de servizo e a concesión da correspondente licenza está amparada na Lei estatal 11/2013 de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e na Lei 9/2013 de competitividade de Galiza. Esta instalación conta coa autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e co correspondente informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza.

A instalación desta estación de servizo vai supoñer a colocación, a menos de 100 metros do cauce do río Miño, duns depósitos con capacidade para albergar máis de 100.000 litros de combustibles.

O anuncio de instalación desta estación de servizo ao pé do río xerou moita polémica e rexeitamento social e veciñal na cidade de Lugo, polo grave risco que supón para o medio ambiente deste entorno natural tan relevante; rexeitamento que xa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28867
Data envio: 15/10/2014 12:59:28.704

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provocara importantísimas protestas cando se instalara a área comercial nas proximidades do río Miño.

Resulta sorprendente comprobar que a aprobación e aplicación da lexislación faise para defender os intereses do capital especulativo e en favor das grandes cadeas comerciais pasando por riba da protección ambiental e da preservación de espazos naturais tan importantes coma o río Miño e o seu entorno.

Non se pode esquecer a existencia, na actualidade, dunha sentenza xudicial negativa á implantación desta gasolineira no centro comercial.

Á cidadanía Luguesa resúltalle chamativo que recentemente se teña descartado a construción dunha zona de baño neste tramo do río, con informes negativos das administracións autonómicas e estatal, polos "supostos impactos ambientais" que a zona de baño podía producir nun entorno incluído na Reserva da Biosfera Terras do Miño, e que esas mesmas administracións concedan informes positivos para a instalación dunha estación de servizo practicamente no mesmo ámbito.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Que informes e estudos realizou a Consellería de Medio Ambiente en relación á solicitude de ubicar unha estación de servizo no hipermercado Carrefour, a menos de 100 metros do cauce do río Miño ao seu paso por Lugo?

2.- Ten algún aspecto positivo para o medio ambiente do río Miño que se instale unha gasolineira no seu entorno?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 12:59
Nº Rexistro: 28867
Data envio: 15/10/2014 12:59:28.704

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- A cantos metros do cauce está a outra gasolineira que xa existe nas proximidades de Carrefour?

4.- Que aspectos negativos podía ter a creación dunha zona de baño nun tramo moi próximo do río?

5.- Supón unha ameaza para o medio ambiente a posíbel creación dunha zona de baño no río Miño?

6.- Entende a Consellería de Medio Ambiente que resulta mais perigoso para o medio ambiente unha zona de baño que unha estación de servizo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 15/10/2014 12:57:10

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/10/2014 12:57:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:07
Nº Rexistro: 28869
Data envio: 15/10/2014 13:07:08.657

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · esquerda ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez,** membro do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión,** relativa a modificacións de crédito para costear campañas publicitarias.

Nas modificacións orzamentarias de setembro chegan dúas novas modificacións de crédito para costear campañas publicitarias da Xunta de Galicia. Incórrese nese gasto para enfrontar unha realidade que non mellora para a xente traballadora e decídese entón disfrazala.

Vicepresidencia adica 113.000 euros para os denominados programas de comunicación social, en concreto para promocionar a marca Galicia, que se detraen de tres aplicacións orzamentarias (04.10.111A.226.01 para atención protocolarias; 04.10.111A.226.99 para outros; e a 04.10.111A.227.06, para estudos e traballos técnicos).

Vicepresidencia tamén realiza outra modificación no orzamento por importe de 130.000 euros, onde se minora a aplicación 05.21.625.0 do programa 131 A, atinxente á administración de xustiza, para sufragar una campaña de promoción, concienciación social, información social e sensibilización sobre as materias do ámbito competencial da consellaría. Cartos que se deixan de investir no eido da administración de xustiza cando o catálogo de retrasos e a insuficiencia de medios materiais e humanos é notable. Tanto que a propia Xunta aceptou unha emenda transaccional no apartado de xustiza no recente debate sobre o estado da nación.

Ambas modificacións supoñen incorrer nun gasto de publicidade por importe de 243.000 euros. Obvio é subliñar que Alternativa Galega da Esquerda avoga por outro fin, de carácter eminentemente social, para ese importe económico.

Polo referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que actuacións se deixan de realizar no eido da xustiza como consecuencia da modificación orzamentaria que atinxe ao programa 131 A?

- Non considera a Xunta máis urxente e xusto empregar este cuarto de millón de euros en atender a situación de pobreza e exclusión social que padecen amplos sectores da nosa sociedade e que si mancan, e tanto, a imaxe de marca do noso país?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:07
Nº Rexistro: 28869
Data envio: 15/10/2014 13:07:08.657

Compostela, 15 de outubro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 15/10/2014 13:06:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:21
Nº Rexistro: 28875
Data envio: 15/10/2014 13:21:10.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Tereixa Paz Franco**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa relativa á creación dunha nova estrutura de dirección dos parques naturais galegos.

O Consello de Goberno da Xunta de Galiza anunciou o pasado 11 de setembro a creación dunha nova estrutura de dirección dos parques naturais en aras dun suposto aforro de 140.000 euros. Esta nova estrutura consistente na dotación de dúas novas xefaturas de servizo en materia de parques naturais: o Servizo de Parques Naturais Zona Norte e Sur, que en realidade exercerán de "superdirectores" de parques naturais, pois cada un deles xestionará Corrubedo, Fragas do Eume e o Coto de Caza dos Ancares (Zona Norte), e Invernadoiro, Xurés, Aloia e Enciña da Lastra (Zona Sur).

É certo que varias desas direccións xa estaban vacantes de facto, outras ocupadas por funcionarios de diferentes escalas para os que nin se lle cambiara o posto cando se nomearan director de Parque, e outros descoñecen a día de hoxe se van ser cesados ou que vai pasar con eles e se seguirán ostentando algunha competencia sobre o espazo que xestionaban. En todo caso o feito de desaparecer a categoría de Director/a de Parque Natural parece sinalar que van desaparecer coma tais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:21
Nº Rexistro: 28875
Data envio: 15/10/2014 13:21:10.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso descoñecemos cal será o aforro real desta medida, toda vez que non se especifica a orixe dos fondos, nin hai ningunha supresión senón a creación de dúas prazas de xefe de servizo. O aforro probabelmente si existirá nos investimentos directos neste espazo.

En todo caso, o relevante, e que esquece a Xunta de Galiza, é que estes espazos deben estar ben xestionados e non continuar co desleixo que caracteriza ao Goberno Galego nesta materia. Sirva como exemplo o feito de que 2014 sexa o primeiro ano en que se deixaron de elaborar e editar guías da natureza específicas, sexan de bioloxía, xeoloxía, especies, roteiros ou de calquera tipo, sobre ningún dos espazos naturais galegos. A única medida neste aspecto foi a edición desde a Xunta dunha aplicación de teléfono móbil denominada "Parques Naturais e Nacionais de Galicia", que ten unha información escasa sobre o valor e características que con catro resumos textuais para cada parque natural debe ser toda a investigación e divulgación que o medio ambiente galego precisa. O aforro acádase pois, neste eido, incumprindo os obxectivos de investigación e divulgación ás que a Xunta está obrigada por normativa propia, estatal e europea.

Na opinión do BNG, que contrastamos que comparten outras organizacións sociais, veciñais e ecoloxistas, estamos ante o intento do desmantelamento dos Parques Naturais galegos, máxima figura de protección dos espazos naturais galegos dependentes da Xunta de Galiza e a única que obriga a un compromiso orzamentario anual.

Esta hipótese sería coherente co feito de que desde hai máis dunha década non se declarou ningún parque natural galego, a pesar de que as autoridades galegas, estatais e europeas coinciden na necesidade de incrementar a superficie do territorio galego protexido, e das abondosas e sobradamente xustificadas candidaturas para

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:21
Nº Rexistro: 28875
Data envío: 15/10/2014 13:21:10.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta figura de protección que vimos xurdir nos últimos anos, coma no caso destacado do Monte Pindo, en Carnota.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Canto custará mensualmente a creación das dúas novas "Xefaturas de Servizo en materia de parques naturais: Zona Norte e Zona Sur"? Cales son as súas funcións? Onde están fisicamente radicadas estas Xefaturas?

2. Que vai a pasar con cada unha das persoas funcionarias que actualmente exercían de director/a dun dos seis Parques Naturais galegos? Significa a súa supresión da RPT que desaparece este posto?

3. Cal é a taxa de aprovisionamento de prazas vacantes do persoal laboral dos seis Parques Naturais galegos? (incluíndo persoal operario, de vixilancia, contraincendios, etc.)

4. Que material formativo e informativo, e que investigacións científicas específicas, se desenvolveron e financiaron desde a Xunta nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014 nos seis Parques Naturais galegos (datos desagregados por anos)?

5. Como se adxudicou a aplicación móbil denominada "Parques Naturais e Nacionais de Galicia"? A que empresa se adxudicou? Cal foi o valor desta adxudicación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:21
Nº Rexistro: 28875
Data envio: 15/10/2014 13:21:10.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/10/2014 13:10:49

María Tareixa Paz Franco na data 15/10/2014 13:10:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:24
Nº Rexistro: 28876
Data envio: 15/10/2014 13:24:06.376

Á Mesa do Parlamento

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión.**

No tocante ao *DECRETO 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos productos primarios desde as explotacións a persoa consumidora final*, onde o mesmo documento recolle que "as persoas produtoras foron perdendo capacidade negociadora e diminuíndo a posibilidade de fixar marxes comerciais axeitados para acadar unha rendibilidade suficiente da súa actividade.", dende o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA) estamos dispostos a protexer aos pequenos produtores.

Ante as disposicións da Consellería do Medio Rural e do Mar queremos facer constar as nosas dúbidas que nos deixa iste documento ao entenderes que as regulacións expostas non deixan de supor máis dunha traba para a pequena explotación.

Por outra parte, temos que facer ver que esta clase de medidas non deixan de ser unha base xurídica moi indefinida que pode perxudicar moito se dende os concellos se fai unha interpretación estricta da norma, e pode supoñer un atranco a unha actividade que se ven desenvolvendo neste país tradicionalmente e, en cambio, favorecer á gran distribución.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Qué obxetivos persegue a Xunta de Galicia coa aprobación do mencionado Decreto?
- Que vantaxes e inconvintes prevé que terá para estes pequenos produtores-vendedores?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:24
Nº Rexistro: 28876
Data envio: 15/10/2014 13:24:06.376

- No tocante ao rexistro que deberán de levar a cabo (contabilizando o tipo de produto vendido, a cantidade, a data e o lugar), o cal deberá de conservarse alomenos durante dous anos; non creen que se lle está a profesionalizar esta actividade en vez de realmente gardar o seu carácter temporal e esporádico? É dicir, profesionalizase unha actividade complementaria, dando pé así a impedimentos burocráticos excesivos, o que conlevará á desaparición deste tipo de pequeno produtor.
- Pensan que esta medida reforzará realmente a dita actividade?
- Cales poderán ser eses “sistemas de autocontrol” que teñen que adoptar as persoas produtoras?
- A etiquetaxe, xunto co resto de requisitos (rótulo, presentación, publicidade, debuxos ou signos…) non deixan de supor máis trabas para estes tipo produtores. Non cre vostede que si se obriga a cumplir todas estas esixencias serán moitos os que non as cumpran e quedarán fóra tanto do mercado coma do sistema?
- Como van ser os propios concellos os que supervisen estas actividades, consideran que teñen medios para poder desenvolver a supervisión e control por parte destes?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/10/2014 13:23:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:33
Nº Rexistro: 28880
Data envio: 15/10/2014 13:33:41.313

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuación realizas para dar cumprimento a resolución do relativa ao uso da toponimia.

Entre as medidas aprobadas por unanimidade no Parlamento de Galiza no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega inclúese instar a "Xunta de Galiza para que adopte no ámbito das súas competencias as medidas tendentes a que os seus cargos públicos e os dos organismos e entes autonómicos, sociedades públicas e institucións dela dependentes fagan uso público tanto oral como escrito de xeito sistemático da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade pública; así mesmo as medidas conducentes ao mesmo nos concellos e deputacións de Galiza."

Coa finalidade de avaliar o cumprimento desta resolución formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento a esta medida nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014?

-Que valoración lle merece á Xunta de Galiza que cargas da administración autonómica non empregan a lingua galega no desempeño da súa responsabilidade?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 13:33
Nº Rexistro: 28880
Data envio: 15/10/2014 13:33:41.313

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/10/2014 13:27:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28885
Data envio: 15/10/2014 16:21:59.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación na provincia da Coruña da tramitación de novas solicitudes de alta nas prestacións da RISGA, correspondentes ao presente ano 2014.

Segundo informacións ás que tivo acceso o Grupo Parlamentar do BNG, no presente ano 2014 non se produciu ningunha alta nova na prestación do RISGA na provincia da Coruña. Segundo estas informacións, existen 100 novas solicitudes de alta nas prestacións pendentes de fiscalización económica, o que significa que no mellor dos casos os/as solicitantes poderán cobrar a prestación a partir do mes de novembro, pese a terse iniciado a tramitación das solicitudes a principios do presente ano.

Este retraso é escandaloso, tendo en conta a dramática situación persoal e familiar de moitos/as solicitantes, e os alarmantes índices de pobreza e exclusión social existentes no noso país.

O Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado en distintas iniciativas situacións que dificultan a adecuada atención a estas demandas, como a eliminación da atención prestada por persoal técnico especializado en servizos sociais na Unidade Técnico-Administrativa da Renda de Integración Social da Coruña (Pregunta para resposta oral en comisión número 22469, convertida en pregunta para resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2014).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28885
Data envio: 15/10/2014 16:21:59.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno da Xunta, en resposta escrita nº 25646 afirma textualmente que os cambios na devandita unidade técnico administrativa teñen por obxectivo *"mellorar a eficacia e eficiencia dos equipos de traballo para atender as necesidades e demandas da cidadanía, moi especialmente para dar a resposta adecuada ás súas solicitudes no menor tempo posible, posto que se trata de resolver procesos promovidos por persoas en situacións de especial vulnerabilidade."*

Resulta incomprensíbel como pode mellorarse *a eficacia e eficiencia dos equipos de traballo para atender as necesidades e demandas da cidadanía* prescindindo de persoal experto en servizos sociais, pois afecta negativamente á atención, seguimento, valoración, intervención e coordinación administrativa na resposta social e pública que debe de ter a grave e delicada situación persoal e familiar que tanta xente esta a atravesar nestes tempos. De feito esta situación motivou que un colectivo de persoas integrado por traballadoras/es, usuarios/as e profesionais titulados/as en traballo social presentase no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar da cidade da Coruña un escrito avalado con cerca de 2000 sinaturas solicitando a reposición na Unidade Técnico Administrativa da RISGA da Coruña dos/as traballadores/as sociais e profesionais expertos en servizos sociais.

Por todo o devandito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión, relativas á situación na provincia da Coruña da tramitación de novas solicitudes de alta nas prestacións da RISGA, correspondentes ao presente ano 2014.

-Cantas altas novas na prestación do RISGA producíronse na provincia da Coruña en 2014?

-Cantas novas solicitudes de alta nas prestacións están pendentes de fiscalización económica?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28885
Data envio: 15/10/2014 16:21:59.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que retraso se vai producir no cobro da prestación dende o inicio da tramitación da solicitude?

-Considera a Xunta de Galiza que a situación descrita é un exemplo de "eficacia e eficiencia para atender as necesidades e demandas da cidadanía"?.

-Considera a Xunta de Galiza que "pode mellorarse a eficacia e eficiencia dos equipos de traballo para atender as necesidades e demandas da cidadanía" prescindindo de persoal experto en servizos sociais?

-Non considera, en cambio, que esta situación afecta negativamente á atención, seguimento, valoración, intervención e coordinación administrativa na resposta social e pública que debe de ter a grave e delicada situación persoal e familiar que tanta xente esta a atravesar nestes tempos?

-Vai atender a Consellería a solicitude de reposición na Unidade Técnico Administrativa da RISGA da Coruña dos/as traballadores/as sociais e profesionais expertos en Servizos Sociais?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28885
Data envio: 15/10/2014 16:21:59.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 15/10/2014 16:20:13

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/10/2014 16:20:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 28886
Data envio: 15/10/2014 16:27:35.188

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luís Méndez Romeu, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A normativa permite que, ademais do persoal funcionario e persoal laboral que presta seus servizos nas distintas unidades administrativas que pertencen ao sector público autonómico, poida traballar persoal eventual normalmente adscrito ao gabinete do conselleiro (xefe/a de gabinete, asesores/as e demais persoal de confianza), de acordo ao previsto no artigo 35 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Igualmente o artigo 17 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega, establece a información pública das retribucións, entre outras persoas, do persoal eventual de confianza ou asesoramento nos gabinetes do presidente e demais membros do consello da Xunta de Galicia.

Ademais o artigo artigo 33 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece que o persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos en que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego; a vez que establece a obriga para a Xunta de Galicia de publicar na súa páxina *web* a información referida á totalidade do dito persoal.

En virtude do exposto, e dado o incumprimento dos preceptos legais indicados, os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que incumpre a Xunta de Galicia a legalidade vixente?

2ª) Pensa corrixir tal proceder?

